



## INSTRUCCIÓN 1/2014 SOBRE O HORARIO DE FUNCIONAMENTO DAS OFICINAS DE REXISTRO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Disposición Adicional terceira do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 196, do 13 de outubro) establece o horario de funcionamento e de atención ao público das oficinas de rexistro e de información á cidadanía propias da Xunta de Galicia, **agás o horario que se estableza durante a xornada de verán.**

Pola súa parte, a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración Xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro), establece no seu artigo 5.3 a **xornada de verán, no periodo comprendido entre o día 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos incluídos**, cunha xornada de traballo distinta á ordinaria, cuxa duración será determinada pola consellería competente en materia de función pública.

A disposición transitoria segunda da dita Orde establece que mentres non sexa ditada a correspondente instrucción pola consellería competente en materia de función pública para o desenvolvemento do establecido no artigo 5.3, aplicarase o disposto na instrucción do 20 de xuño de 2013, sobre a xornada de traballo de verán do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, agás no relativo ao periodo que abrangue a xornada de verán.

A Instrucción do 20 de xuño de 2013 dispón no seu punto segundo, que respecto das oficinas de rexistro e información á cidadanía unha xornada intensiva de traballo de



Secretaría Xeral Técnica

seis horas continuadas, que poderá desenvolverse entre as oito e as quince horas, de **luns a sábado**.

En concordancia don todo o anterior e tendo en conta o horario especial de atención ao público das oficinas de rexistro e información á cidadanía, no uso das atribucións conferidas a esta Vicesecretaría Xeral polo artigo 11.i) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas (DOG núm. 91, do 14 de maio ) dispónse o seguinte:

- Periodo do horario de verán das oficinas de rexistro da Xunta de Galicia: do 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos incluídos.

- Horario de apertura ao público:

1.-Oficinas de rexistro das oficinas dos edificios administrativos de Santiago de Compostela (San Caetano), A Coruña (Monelos), Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo: de luns a sábado, de 9:00 a 14:00 horas.

2.-Oficinas de rexistro e información non relacionadas no punto anterior: de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

En cumprimento do artigo 38.6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12 do 14 de xaneiro de 1999 ), darase publicidade a esta instrución nas oficinas de rexistro e información á cidadanía , así como na páxina web da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 xuño de 2014

O Vicesecretario Xeral,

Joaquín Macho Canales

